

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO EXPEDIENTE DA NÓMINA DOS TRABALLADORES MUNICIPAIS DO MES DE DECEMBRO DE 2021.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 58-2021, por un importe total de 174.869,99 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do expediente da nómina dos traballadores municipais do mes de decembro de 2021.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/2086 de data 23/12/2021, así como RCMOD: 2021/94305 e 2021/94307 de data 23/12/2021, por importe de 174.869,99 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 174.869,99 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
13200.12001	41.000,00 €	17000.12000		10.648,18 €
13200.12003	133.869,99 €	24100.14300	16DUSI001	13.995,14 €
		32382.12002	213238201	11.662,94 €
		32382.12002	213238201	11.444,82 €
		34200.13000		9.389,11 €
		34200.13002		6.491,69 €
		91200.10000		90.578,74 €
		91201.11000		20.659,37 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	174.869,99 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		174.869,99 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac3922789290349583969.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 58-2021 Nómina diciembre

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.